

## RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DIRECTA DE VIVENDA EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE: <u>C90505:5</u>
SITUACIÓN: <u>R/ PENA MOLEXA, 1, 3º DRTA. - NARON</u>

Por resolución da Xefatura Territorial de A Coruña de data 03 de marzo de 2010 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C90505:5, ó abeiro do disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Logo de transcorrido o devandito prazo sen que se presentara ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para ser designado adxudicatario, Mª JESUS BECEIRO DA SILVA (núm. de credencial do rexistro de demandantes de vivenda 51.691) presentou solicitude de adjudicación directa da devandita vivenda.

Acreditouse no expediente o cumprimento por parte do/a interesado/a dos requisitos esixidos para ser designado/a adquirente, nos termos esixidos polo artigo 64.5 da Lei 18/2008.

Baseado en todo o antedito

### RESOLVO

Adjudicar a Mª JESUS BECEIRO DA SILVA coa credencial do rexistro de demandantes de vivenda núm. 51,691 a vivenda de protección oficial de promoción pública correspondente ao expediente C90505:5.

*Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, se é o caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*

A Coruña, 11 de marzo de 2011.

O/A Xefe/a Territorial da consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas

Jose Antonio Álvarez Vidal